



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Concello de Laxe

CONVOCATORIA PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DE 11 PEÓNS PARA A LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS DESTE CONCELLO DE LAXE PARA A CAMPAÑA 2017 (SUBVENCIONADO POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA)

BASES

PRIMEIRA.-OBXECTO DA CONVOCATORIA.

A Deputación Provincial da Coruña publicou a resolución definitiva de concesións de subvencións do programa de limpeza de praias marítimas nos concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2017. Á vista desta resolución, este concello vai contratar a 11 persoas durante 2 meses para a Campaña de Limpeza de praias 2017.

O obxecto da convocatoria é a contratación laboral temporal, na modalidade de "obra e servizo determinado", e utilizando o concurso-oposición como sistema de selección, de 11 peóns que realicen tarefas de limpeza nas praias marítimas deste Concello de Laxe.

SEGUNDA.-DURACIÓN E TIPO DE CONTRATO

Os contratos laborais que se realizarán coas persoas seleccionadas serán de duración determinada, por obra ou servizo, cunha xornada laboral a tempo completo, por un período de 2 meses, coa distribución de xornadas que estableza a Alcaldía.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, e de luns a domingo, adaptaranse as necesidades do servizo.

TERCEIRA.- CARACTERISTICAS DOS POSTOS DE TRABALLO

Peóns:

Número de postos de traballo: 11 (ONCE)

Clase: persoal laboral temporal a xornada completa

Nivel de titulación mínimo esixido: non se esixe

Denominación do posto: peón

Funcións: limpeza de praias e das zonas peripraeiras

Grupo de cotización: 10

Duración do contrato: 2 meses

Retribucións brutas mensuais: 825,53 € (paga extra incluída)

CUARTA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1.-Para seren admitidos ó presente proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a)Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar os nacionais dos Estados membros da Unión Europea, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estean separados de dereito, e os seus



descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinteún anos ou maiores de dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; e os estranxeiros con residencia legal en España.

Acreditarase coa fotocopia compulsada do DNI.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas atribuídas ao posto de traballo.

c) Ter cumpridos 16 anos de idade e non ter acadado a idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opte.

A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas minusválidas cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas agás nos casos en que sexan incompatibles co normal desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes á praza á que se opte.

Nas probas selectivas estableceranse para as persoas con minusvalía que o soliciten expresamente na súa instancia, as adaptacións posibles de tempo e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Non estar incurso nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

2.-Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia ao derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

3.-Será nulo o nomeamento dos que estén incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

QUINTA.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.-As solicitudes para participar no concurso axustaranse ao modelo que figura no Anexo I desta convocatoria e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de **5 días hábiles contados** a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. As presentes bases tamén se publicarán a efectos informativos na páxina web municipal e no Taboleiro de anuncios municipal.

As instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, neste último caso, os solicitantes



deberán adiantar un xustificante de ter presentado a solicitude, debidamente rexistrada dentro do prazo de presentación de instancias, a través de calquera medio que permita deixar constancia (fax, e-mail, telegrama,...) que deberá ter entrada no Rexistro do concello antes de que remate o prazo e hora fixados como o último día para a presentación de solicitudes (número de fax do Concello de Laxe 981 728 025, e-mail do concello: correo@laxe.es).

Aquelas solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido a tal efecto, quedarán excluídas do proceso de selección.

2.-Á instancia unirase inescusablemente a seguinte documentación (orixinal ou fotocopia compulsada):

- a) Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade.
- b) Fotocopia compulsada de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento da presentación da instancia.
- c) De ser o caso, certificación da condición de discapacidade e grao de minusvalía.
- d) Solicitude de adaptación das probas por motivos de minusvalía.
- e) Documentación que acredite que se atopa nunha situación de exclusión laboral segundo a cláusula cuarta destas bases.
- f) Acreditación da situación de desemprego presentando a tarxeta de inscrición no Servizo Público de Emprego debidamente actualizada ou informe actualizado dos períodos de inscrición no Servizo Público de Emprego.

3.- Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De se-lo caso, tamén presentaran os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa da dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, de se-lo caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ó seu cargo.

Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ó mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

4.-Os erros de feito que puideran advertirse poderán ser subsanados en calquera intre, de oficio ou a petición do interesado.

5.-Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demanda-la súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido no punto 1 desta base para a presentación de solicitudes, transcorrido o cal non se admitirá ningunha petición desta natureza.



SEXTA.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

1.-Rematado o prazo de presentación de instancias o Alcalde-Presidente do Concello ou Concelleiro en quen delegue ditará resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei.

A resolución pola que se aproba a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as será definitiva no caso de non haber excluídos/as.

2.- No caso de habelos, os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos ou excluídos disporán dun prazo de 3 días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas.

De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de admitidos elevarase a definitiva.

3.- Posteriormente, e de selo caso, elaborárase unha nova lista definitiva cos/as candidatos/as definitivamente admitidos/as e excluídos/as, segundo o resultado das subsanacións a que se refire o parágrafo anterior, que se publicará no Taboleiro de Anuncios do concello.

Na mesma resolución, o alcalde ou concelleiro en quen delegue determinará o lugar, hora e data de comezo da fase de oposición, así como a composición do Órgano de selección que se publicará igualmente no Taboleiro de Anuncios do concello.

4.- A inclusión dos aspirantes nas listas de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados para a súa contratación, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na Base 11^a.

SÉTIMA.-TRIBUNAL CUALIFICADOR

1.- Os membros do tribunal cualificador serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por un número impar de membros, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes.

A totalidade dos seus membros deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza obxecto desta convocatoria.



Deberá tenderse na súa composición á paridade entre home e muller.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Non poderán formar parte do tribunal os funcionarios ou laborais fixos que realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.

2.-O Tribunal Cualificador estará integrado do seguinte xeito:

Presidente: un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo.

Vogais: tres funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo

Secretario/a: un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, que actuará con voz e voto.

A súa composición farase pública na mesma Resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

Igualmente, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

3.- O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes indistintamente). En todo caso será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a Presidente/a.

4.-O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

5.- O Tribunal poderá adoptar as medidas precisas naqueles casos nos que resulte necesario para que os e as aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións ás do resto dos demais aspirantes.

6.-O Tribunal cualificador queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

7.-Aos efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal cualificador, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.



8.-A Alcaldía resolverá de acordo coa proposta do Tribunal, que terá carácter vinculante.

OCTAVA.-COMEZO E DESENVOLVEMENTO DA AVALIACIÓN DE MÉRITOS

1.-Os aspirantes serán citados para o día sinalado para o comezo das probas.

2.- Con carácter xeral, para aquelas probas que non poidan celebrarse conxuntamente, os aspirantes serán chamados de acordo coa Resolución do 20 de xaneiro de 2017 da Consellería de Facenda (publicado no DOG núm. 20, do 30 de xaneiro de 2017) pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que a orde de actuación dos aspirantes empezará por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra <<K>>.

De non contar aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciarase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

3.-O Tribunal, salvo razóns que xustifiquen o contrario, adoptará as medidas oportunas para que os exercicios sexan corrixidos sen coñecer a identidade do aspirante.

NOVENA.-PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o de concurso-oposición.

Só se valorarán os méritos que queden correctamente acreditados polos aspirantes.

A) FASE DE CONCURSO

A puntuación máxima nesta fase será de 6 puntos.

Avaliaranse os seguintes méritos:

1. Antigüidade como desempleado: valorarase a situación de desemprego en función da seguinte táboa:

máis de 24 meses en situación de desemprego: 2,00 puntos

entre 18 meses e 24 meses en situación de desemprego: 1,50

entre 12 meses e menos de 18 meses en situación de desemprego: 1,00 punto

menos de 12 meses: 0,50 puntos

Non puntuarán neste apartado aquelas persoas que na actualidade non permanezan inscritas como demandantes de emprego na Oficina de Emprego cunha antigüidade inferior a 1 mes.

Acreditarase mediante a presentación de fotocopia compulsada da tarxeta de desemprego ou certificado dos períodos de inscrición expedido polos Servizos Públicos de Emprego ou outro documento equivalente, expedido polo Organismo correspondente, que permita avaliar a mesma.



A puntuación máxima deste apartado será de 2,00 puntos.

2.- Cargas familiares: Por cada fillo/a menor de 26 anos desempregado que conviva no fogar do aspirante á praza e que esté ao seu cargo e que non perciba retribución: 1 punto.

Acreditaranse mediante a presentación do Libro de Familia ao que se xuntarán os seguintes documentos:

A).-Situación de desemprego para os fillos menores de 26 anos e maiores de 18 acreditarase pola presentación de fotocopia compulsada da tarxeta de desemprego ou documento acreditativo, ou no seu caso informe de vida laboral.

B).-Situación de incapacidade dos fillos acreditarase pola presentación de fotocopia compulsada do certificado de calificación de minusvalía.

No caso de familias monoparentais en que conviva un só proxenitor ou titor co/s neno/s ou nena/as, deberá acreditarse documentalmente esta circunstancia. Neste caso, por cada fillo/a menor de 26 anos desempregado que conviva no fogar do aspirante á praza e que esté ao seu cargo e que non perciba retribución: 1,50 puntos. Esta situación acreditarase coa documentación correspondente.

Os/As fillos/as con minusvalías igual ou superior ao 33% computarán por dous á hora de establecer a existencia de responsabilidades familiares neste apartado.

A puntuación máxima neste apartado será de 3 puntos.

3.- Por cónxuxe en desemprego: valorarase a situación de desemprego en función da seguinte táboa:

máis de 24 meses en situación de desemprego: 1,00 punto

entre 18 meses e 24 meses en situación de desemprego: 0,75

entre 12 meses e menos de 18 meses en situación de desemprego: 0,50 puntos

menos de 12 meses: 0,25 puntos

Acreditase mediante a presentación de fotocopia compulsada da tarxeta de desemprego ou certificado dos períodos de inscrición expedido polos Servizos Públicos de Emprego ou outro documento equivalente, expedido polo Organismo correspondente, que permita avaliar a mesma e documentación que acredite a súa situación familiar (libro de familia, certificado de matrimonio, certificado parella de feito, etc).

Non puntuarán neste apartado aquelas persoas que na actualidade non permanezan inscritas como demandantes de emprego na Oficina de Emprego cunha antigüidade inferior a 1 mes.

A puntuación máxima deste apartado será de 1 punto.

B) FASE DE OPOSICIÓN

Consistirá na realización dunha proba práctica de manexo, destreza e desenvolvemento cunha desbrozadora manual, valorándose a rapidez e habilidade e coñecementos no manexo da mesma.



Puntuarase de 0 a 15 puntos, sendo a máxima puntuación de 15 puntos.

No caso de que os aspirantes non se presenten á proba práctica quedarán excluídos automaticamente do presente proceso de selección.

DÉCIMA.-RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE DESIGNACIÓN

1.-Rematada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal formará a relación de aprobados pola orde de puntuación final obtida, non podendo rebasar estes o número de prazas convocadas e faráa pública no Taboleiro de Anuncios do Concello; e será elevada ao sr. Alcalde aos efectos de proceder aos nomeamentos e á correspondente formalización dos contratos de traballo.

A cualificación para cada exercicio e aspirante determinarase pola media resultante das cualificacións outorgadas por cada membro do Tribunal.

No caso de empate nas puntuación de dous ou máis candidatos, o Tribunal resolverá a favor daquel/a candidato/a que obtivera maior puntuación na fase de oposición. De persistir o empate, resolverase a favor do/a candidato/a de máis longa duración como desempleado.

2.- O tribunal elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva, cun número de aspirantes que será como máximo igual ao de aprobados, na que figurarán aqueles aspirantes que, aínda que superasen o proceso selectivo, non resultasen aprobados por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas.

No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos nos que o aspirante aprobado non chegue a formaliza-lo contrato de traballo, o órgano convocante poderá substituílo polo seguinte na orde de puntuación da lista complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación acadada, de conformidade co previsto no art. 61.8 do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

3.- A resolución nomeando aos candidatos/as seleccionados/as será obxecto de publicación mediante anuncio inserido no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

UNDÉCIMA.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

1.- No prazo de cinco días naturais seguintes á data de publicación do resultado da selección, os aspirantes seleccionados deberá xustificar que reúnen os requisitos esixidos na Base 4ª desta convocatoria, presentando os documentos que non foran presentados xunto coa solicitude para participar neste proceso selectivo, é dicir:

- a. Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade.
- b. Fotocopia compulsada do número de afiliación á Seguridade Social.
- c. Fotocopia compulsada dos requisitos para acceder ao posto.



d. Certificado/informe médico actualizado no que se faga constar expresamente que non padece enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes

e. Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

f. Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

g. Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.

Os aspirantes que fixeron valer a súa condición de persoas con minusvalía, deberán acreditar tal condición e así mesmo a súa compatibilidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes á praza, mediante certificación expedida polo Organismo competente na materia.

2.- Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, os aspirantes propostos non presentaran a súa documentación ou non acreditaran reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder ao seu nomeamento, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar neste proceso selectivo.

Neste caso, a proposta considerase feita a prol do aspirante que, segundo á orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados; todo elo como consecuencia da citada anulación.

DUODÉCIMA.-NOMEAMENTO

Unha vez que os/as interesados/sa presentan a documentación a que se refire o apartado anterior e sendo a mesma conforme, o órgano competente da corporación procederá ó nomeamento dos/as aspirantes propostos polo tribunal cualificador.

Serán nulos os nomeamentos que se efectúen a favor de aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

DÉCIMOTERCEIRA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

1.- Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, os/as aspirantes non terán dereito á percepción económica de ningunha clase.

2.- As persoas contratadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, con horario de mañá ou de tarde, ou fraccionando a xornada se fora preciso, e de acordo coa lexislación aplicable.

DÉCIMOCUARTA.- PERÍODO DE PROBA

1.- O persoal contratado quedará sometido a un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores.



Este período de proba non se considerará interrompido polas situacións de incapacidade temporal, maternidade, e adopción ou acollemento, que poidan afectar ao traballador/a.

2.-Transcorrido este período de proba se a persoa da que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

DÉCIMOQUINTA.- NORMAS FINAIS

1.- Para todo o non previsto nestas bases ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Real decreto legislativo do Estatuto básico do empregado público, na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de administración local de Galicia, na Lei de medidas para reforma da función pública, no texto refundido da Lei de función pública de Galicia, no Real decreto 896/1991 sobre regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, no Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no Real decreto 364/1995 polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ó servizo da administración do estado, no texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado por Real decreto legislativo 1/1995, de 24 de marzo, e na demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

2.- Agás a convocatoria que se publicará segundo se establece na base 4ª, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da realización deste proceso selectivo faranse públicos exclusivamente a través do Taboleiro de Anuncios da casa do concello.

3.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal cualificador, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

4.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer Recurso Contencioso Administrativo ante o Xulgado contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñerse Recurso de Reposición ante o mesmo Órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo isto sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Concello de Laxe

Laxe, 30 de maio de 2017
O alcalde

José Manuel Mouzo Castiñeira

DILIXENCIA: As presentes bases foron aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 293/2017, de data 30/05/2017.

A secretaria accidental

Emilia Alborés Lema



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Concello de Laxe

ANEXO I

1.- PRAZA A QUE ASPIRA: PEÓN LIMPEZA DE PRAIAS

2.- CONVOCATORIA: CAMPAÑA DE LIMPEZA DE PRAIAS 2017
SUBVENCIONADO POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

BOP NÚM.

3.- DATOS PERSOAIS:

NOME E APELIDOS:

DNI

ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:

CP:

CONCELLO:

PROVINCIA:

TELÉFONO DE CONTACTO:

4.-A CUBRIR POR PERSOAS CON MINUSVALÍA:

5.-DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA.-

Fotocopia do DNI: SI NON

Tarxeta de demandante de emprego: SI NON

Libro de familia: SI NON

Cónxuxe en desemprego: SI NON

Outra documentación: SI NON

Outra documentación:

O abaixo asinante SOLICITA ser admitido/a ó concurso a que se refire a presente instancia e declara que son certos os datos obrantes nela, e que reúne as condicións esixidas nas bases da devandita convocatoria que declara coñecer, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

Así mesmo, AUTORIZO ao tratamentos dos meus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, ao rexistro de solicitudes de candidatos, á cualificación de probas e avaliación, á súa exposición no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal, aos efectos de dar publicidade esixida ao procedemento do Programa de Limpeza de praias da Deputación da Coruña.

En a de de 2017
Sinatura

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)